




Defendemos o ensino público

Contra os que imponen as súas regras

ADOUTRINAMENTO
REVALIADAS
PRIVADO
SEGREGADOR



RESUMO DA XUNTANZA DA PERMANENTE DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DE PONTEVEDRA CO XEFE TERRITORIAL DA CONSELLERÍA CELEBRADA O MÉRCORES DÍA 18 DE ABRIL DE 2018.

Asisten o Xefe Territorial, Inspector Xefe, Secretario e representantes de CIG, STEG, FETE-UXT, CC.OO. e ANPE. Non asiste ningún representante de CSIF.

A reunión, que comezou ás 10 horas, celebrouse coa seguinte **Orde do Día**:

1. Aprobación se procede da acta da reunión anterior (21 de febreiro).

Adiase ata unha nova xuntanza.

2. Asuntos pendentes:

2.1. Documento completo sobre a zonificación de Vigo.

Pídeselle de novo copia completa para a Xunta de Persoal Docente pero o XT insiste en que só enviará no seu momento o documento definitivo ao Consello Escolar Municipal de Vigo, dado que a lei non o obriga ao facilitarlle copia á XdePD.

2.2. Informe da Unidade Técnica sobre tellado IES As Neves.

Pendente de elaboración do proxecto de intervención, ao tratarse dun edificio protexido. A Consellaría, en todo caso, non pode asumir o custe íntegro da obra.

2.3. Informe do EOE sobre necesidades específicas no IES Ribeira do Louro (O Porriño)

Inspección insiste, fronte ao rogo formulado en reunións anteriores por STEG, en que hai suficiente persoal docente neste centro, pois hai 8 profesores sobre cupo, desdobres en 1º e 3º da ESO con 14 alumnos por grupo, 1 PT a tempo completo, etc.

2.4. Estado actual da auga nos centros con restrición

O Colexio Ría de Vigo está xa normalizado nese sentido. Os outros tres centros afectados están pendentes do informe definitivo de Sanidade para levantar as restriccións.

2.5. Solicitud de IES A Basella de instalación de dobre ventanal

STEG resume as razóns alegadas polo centro para solicitar esa instalación, a facer paulatinamente en varios anos, nas aulas da vertente do edificio non orientada ao solano, razóns que teñen que ver sobre todo coa procura da eficiencia e do aforro enerxéticos. O XT comprométese a estudar o tema coa UT e remete para comezos do vindeiro curso a ver se pode comprometer nesa obra algún remanente do orzamento de RAM.

2.6. Aclaración sobre praza PT no IES de Chapela

A persoa titular está en comisión de servizos noutro departamento da Admón. Autonómica.

3. Novos asuntos

3.1. Solicitude previsión de vacantes para o CADP

Solicítase de Inspección coa suficiente antelación.

3.2. Prazas non adxudicadas no CXT

Pregúntaselle ao Inspector Xefe polas de Música no CEIP de San Xoán Bautista, que ficou sen cubrir por falta de aspirantes a ela; a de Debuxo no IES de Carril, que non se sacou por non haber horario suficiente para consolidar esa praza; a de Música no IES Valle Inclán, que foi retirada a última hora desde a Dirección Xeral en Santiago e dúas resultas do Colexio Palacios do Porriño que non se cubriron e que sairán no CADP.

Coméntase tamén o alto número de resultas que fican sen darse e desde XT dise que é porque son prazas que ninguén pide, situación tamén provocada polo alto nivel de interinidade existente: non hai persoal de carreira suficiente para cubrir todas as definitivas. A oferta de moitas prazas nas vindeiras oposicións contribuirá a paliar este problema, pensa o XT.

3.3. Futuro do CPI de Soutomaior

Abrirá o IES a finais de xuño e o CPI como tal desaparecerá. A ESO e o BACH irán ao novo centro e o CPI transformarase en CEIP, asumindo a Infantil que estaba noutras dependencias. Haberá, desde logo, incremento do plantel do IES, ao implantarse Bacharelato nel.

3.4. Información sobre CPI Aurelio Marcelino Rey de Cuntis.

Infórmase de que hai aberto un procedemento contra o actual director, que presentou renuncia e que exercerá provisoriamente ata o 30 de xuño de 2018. Houbo denuncias contra el por irregularidades administrativas na tramitación dun expediente sancionador de alumnado por parte de algúns pais e dalgún docente do Claustro. Non se tomaron medidas cautelares contra ninguén e non hai previsión de cando sairá a resolución do procedemento aberto. Desde Inspección mediouse, dísenos, para tentar evitar que os citados pais acudisen ao xulgado e ficase o conflito dentro dos cauces internos da administración educativa.

3.5. Escritos especialista de música do CEIP Vidal Portela pendentes de resposta pola XT

Despois de explicar a xénese dos escritos, STEG demanda do XT resposta escrita e razoada aos mesmos e que se atenda, pensando no vindeiro curso, a situación de desencontro existente entre a especialista e a actual dirección do centro, procurando unha solución que respecte os dereitos laborais da profesora e as normas que especifican a posibilidade de docencia en Infantil por parte de especialistas. O XT comprométese a responder os escritos e a tentar mediar no desencontro existente.

3.6. Problemática e intervención do Servizo de Inspección no CEIP Emilia Pardo Bazán, de Vigo

O Inspector Xefe confirma que hai un procedemento aberto sobre determinadas condutas do anterior director do centro.

3.7. Petición de identificación para acceso ao edificio administrativo membros da Xunta de Persoal Docente.

Non entra dentro das potestades do XT, pois a Consellaría de Educación e só “usuaria” do edificio, pero tentará obter esas identificacións da secretaría da Consellaría de Presidencia, cando menos para os membros da Comisión Permanente da Xunta de Persoal.

3.8. CEIP Alexandre Bóveda (Redondela): necesidade de obras

Estase estudando o tema pola Unidade Técnica. Hai danos estruturais por humidades. Tamén se comenta o problema co aillamento nas ventás que existe no Colexio Outeiro das Penas, de Cesantes-Redondela.

3.9. Estado reformas canalizacións CEIP Rosalía de Castro (Carril)

Xa remataron as obras e está Sanidade tomando mostras.

4. Rolda de intervencións

FETE pregunta polo tema do proxecto de linguaxe de signos no colexio Escultor Acuña. O XT reitera que non creará ningunha praza *ad hoc* para un profesor interino que leve ese programa. Se entre os AL definitivos ninguén o asume, decaerá.

CCOO pregunta se os directores de centros integrados se rexen pola mesma normativa que outro tipo de directores e aclárase desde Inspección que non exactamente, pois o ROC propio dese tipo de centros especifica determinadas funcións que non corresponden a outra clase de direccións.

CIG insiste en solicitar documento completo de proposta de zonificación de Vigo, para que a Xunta de Persoal Docente poida aportar ao debate.

O XT dá conta de resolución de dous expedientes sancionadores, un contra docente do CEIP Príncipe Felipe de Pontevedra, por catro faltas graves (abuso de autoridade, grave perturbación, incumprimento das ordes dos superiores xerárquicos...) e 1 leve, por un total de 325 días de suspensión de funcións e outro no CEIP Mestre Goldar de Vigo, por dúas faltas graves, con suspensión de funcións por 3 meses e 15 días, por abuso de autoridade e falta de rendemento.

A XdePD lembra ao XT que as vindeiras xuntanzas previstas están marcadas para o 9 de maio e o 30 de maio, sucesivamente.

Sen máis asuntos que tratar, rematou a xuntanza ás 11.40 horas.